


Fillas de Cassandra publica *Tataravoa*, un sinxelo que rende tributo ás antepasadas e ás formas nas que se rebelaron contra o establecido

O tema, o primeiro que o dúo lanza após a publicación do seu álbum *Acrópole*, está producido por MaríaSOA e os djs Galician Army

A relación entre o presente e o pasado atópase tanto a nivel textual coma no corpus formal da canción, na que se mestura música tradicional, electrónica e pop contemporáneo



Fillas de Cassandra e Galician Army no Arde Lucus

12 de xullo de 2023.- Fillas de Cassandra, un dos proxectos musicais máis prometedores do panorama galego emerxente, vén de publicar [nas principais plataformas dixitais o seu novo sinxelo: *Tataravoa*](#). No tema, producido por MaríaSOA e os djs Galician Army (Sergio Vallejo e Alberto Prado), as creadoras renden tributo ás devanceiras e ás formas que elas atoparon á hora de poder rebelarse contra o establecido. A peza, cun retrouso pegadizo no que entoan a “tatara tatara tatara avoa” a ritmo de muiñeira, xa se pode escoitar nos directos que Fillas de Cassandra está a ofrecer este verán no marco da xira de presentación do seu primeiro álbum, [Acrópole](#).

Tataravoa, composta e escrita por Fillas de Cassandra, nace da intención poñer en valor o papel e a importancia das avoas e das antepasadas nas nosas vidas, “desas pequenas loitas e conquistas que acadaron, que quedaron e que chegaron a día de hoxe”, segundo afirman as artistas. Precisamente, as voces das avoas de María Pérez e Sara Faro pechan un tema no que a relación entre pasado e presente é explícita. Atópase tanto a nivel textual, cando cantan “se nos visen no palco / coa forza

dun vendavale / non sei ben se chorarían / ou ben subirían con nós a cantare”, así coma no corpus formal da canción, que aúna elementos chave da música tradicional co piano, a música electrónica ou o pop contemporáneo.

Tataravoa é o primeiro tema que Fillas de Cassandra lanza, precisamente, logo da publicación de *Acrópole* o pasado mes de febreiro. A estrea en directo do mesmo, con voz e pandeireta, foi no marco do ciclo coruñés Vangal, no ateigado patio da Fundación Luis Seoane. Nese momento, o dúo Galician Army -que publicou recentemente o seu primeiro álbum, *Nós*- interésase nunha colaboración para a produción do mesmo e, dous meses despois, ambas formacións interpretan ao vivo o sinxelo durante unha actuación no Arde Lucus. A pasada semana a súa actuación conxunta tamén foi moi celebrada no Atlantic Pride coruñés.

SOBRE FILLAS DE CASSANDRA

María Pérez (MaríaSOA) e Sara Faro son Fillas de Cassandra, creadoras e protagonistas dunha proposta rotunda, marcada por unha potente sonoridade capaz de chegar e conectar con todos os públicos, como así demostraron xa nos seus directos ao longo de 2022. O dúo toma coma referencia o mito de Cassandra, muller á que se lle negou á voz, e lembran que elas son porque antes houbo quen loitou, quen deu vida. É así como nace Fillas de Cassandra. A voz, as percusións, o piano e os sintetizadores son os fíos cos que o dúo tece as súas composicións, que beben tanto da música e das coplas tradicionais coma da música clásica o do pop, e que agroman dun xeito natural acompañadas dunhas contundentes bases electrónicas.

O pasado mes de febreiro publicaron nas principais plataformas dixitais *Acrópole*, un álbum conceptual no que Fillas de Cassandra viaxa polos textos clásicos para poñer en relación ás personaxes da mitoloxía grega co mundo actual, ao que devolven unha ollada feminista e contemporánea a través da música. O traballo, producido por Berto e publicado da man de Tremendo Audiovisual, fía a súa narración a través de oito relatos actuais que asocian ás figuras de Antígona, Cassandra, Dafne, Eco, Pandora, Syrinx ou mesmo Lisístrata.

Contacto de prensa

The Office Comunicación

Lucía Pita - 675 404 321 | prensa@theofficeco.es

Management & contratación

Tremendo Audiovisual

Manuel Tarrío - 629 041 750 | info@tremendoaudiovisual.com

Descarga o [kit de prensa](#) de Fillas de Cassandra.

Para máis información, visita www.fillasdecassandra.eu.